

SEVIC

SERVIZO DE INSPECCIÓN,
VIXILANCIA E CONTROL
DA XESTIÓN DOS RESIDUOS
DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



Deputación
Pontevedra



Os produtores de residuos están obrigados a separar en orixe, polo menos, os residuos de papel, os metais, o plástico, o vidro, os biorresiduos, os téxtiles, o aceite de cociña usado, os voluminosos e os residuos domésticos perigosos, e a xestionalos a través do servizo da entidade local ou dos xestores autorizados.



FUNCIÓNS

Realizar **inspeccións periódicas**, en colaboración cos concellos, para informar, asesorar e supervisar a correcta separación e xestión dos produtores de residuos domésticos e comerciais ou de servizos, co fin de cumprir as obrigas dispostas na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (LRSCEC) e nas ordenanzas municipais.



INSPECCIÓN

dirixidas a entidades locais e empresas que produzan residuos, ás que recollan e transporten residuos con carácter profesional, a axentes e negociantes, e a quen leve a cabo operacións de tratamento de residuos.



COMETIDO

- Identificar os produtores de residuos.
- Inspeccionar a separación en orixe dos residuos, a súa natureza, as cantidades, o transporte e o destino.
- Acreditar a correcta xestión dos residuos non perigosos por parte dos produtores cando non os xestione o servizo disposto pola entidade local.
- Elaborar recomendacións para os produtores de residuos sobre a correcta separación e xestión destes.
- Tramitar expedientes sancionadores cando se requira.



SANCIÓNS

As persoas físicas e xurídicas que cometan as infraccións administrativas recollidas na LRSCEC poderán ser sancionadas. As accións ou as omisións que contraveñan a LRSCEC e as normas de desenvolvemento terán carácter de infracción administrativa, atendendo á seguinte clasificación:



**sancións
de ata 2.000 €**

Exemplo: a entrega non separada dos residuos domésticos e comerciais non perigosos.



**sancións
desde 2.001
ata 100.000 €**







Exemplo: a obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control das administracións públicas.



**sancións
desde 100.001
ata 3.500.000 €**

Exemplo: actuar de forma contraria ao establecido na LRSCEC e poñer así en perigo grave a saúde das persoas e o medio.

RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS

	BIORRESIDUOS	37 %
	PAPEL E CARTÓN	16 %
	ENVASES	13 %
	ENVASES DE VIDRO	8 %
	RESTO	12 %
	OUTROS	14 %





BIORRESIDUOS

- ✓ Froitas e verduras cociñadas e sen cociñar
- Carne e peixe cociñados e sen cociñar
- Cascas de ovos e froitos secos
- Restos de comida
- Papel de cociña e panos de mesa sucios
- Café e infusións
- Flores, plantas e herbas do xardín

- ✗ Aceite
- Cueiros e téxtil sanitario
- Excrementos de animais e area de gatos
- Cabichas de tabaco
- Varreduras



PAPEL E CARTÓN

- ✓ Caixas de cartón
 - galletas, cereais...
 - ovos
 - calzado
- Envoltorios de papel
- Bolsas de papel
- Xornais e revistas
- Cadernos e libretas sen encadernar
- Papel publicitario

- ✗ Briks
- Papeis ou envoltorios sucios
- Panos de papel
- Cueiros e compresas
- Caixas de medicamentos (punto SIGRE)



ENVASES



Botellas e envases de plástico

- produtos de hixiene e de limpeza
- terrinas
- bandexas de porespán
- envoltorios e bolsas
- botellas con tapas e tapóns
- papel filme

Envases de metal

- latas
- bandexas de aluminio
- aerosois
- botes de desodorizante
- papel de aluminio

Briks

Envases de madeira

- caixas de froitas e verduras
- caixas de viños e espirituosos

Envases de cerámica

- iogures, natillas...



Plásticos e metais que non sexan envases

- xoguetes
- biberóns
- utensilios de cociña
- peites
- luvas de goma

Blísters de medicamentos (punto SIGRE)



ENVASES DE VIDRO

- ✓ Botellas de vidro de calquera cor
Botes e frascos de vidro
 - conservas
 - cosmética
- ✗ Lámpadas e fluorescentes
Espellos
Utensilios de vidro que non sexan envases
Vaixela
Cristalería
Envases de medicamentos (punto SIGRE)



RESTO

- ✓ Cueiros e téxtil sanitario
Varreduras
Vaixela e cristalería rotas
Cabichas
Bolígrafos
Residuos sen recollida diferenciada
- ✗ Xoguetes rotos (punto limpo)
Residuos perigosos do fogar (punto limpo)
 - pilas
 - pinturas
 - fluorescentes
 - baterías
 - electrodomésticosMedicamentos (punto SIGRE)



Deputación
Pontevedra